

## NORMATIVA DO CENTRO

### NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

1.- **ORACIÓN:** Comezamos as clases da mañá cunha oración preparada polos mesmos alumnos, guiados polos seus profesores.

2.- **AUSENCIAS:** Toda ausencia debe ser comunicada ao centro tan pronto sexa posible. O alumnado, despois da súa incorporación, ten dous días de prazo para entregar ó titor/a a “**Xustificación de Ausencia**” segundo o modelo do centro. Hai que ser puntual ás clases, para non interromper o seu desenvolvemento. Os atrasos reiterados serán motivo de sanción. Dentro do horario escolar non podes ausentarse do colexio sen a “**Autorización**” asinada polo titor, a xefa de estudos ou o director.

3.- **UNIFORME E INDUMENTARIA:** Todos os alumnos de Infantil e Primaria asistirán ás clases co uniforme en bo uso e debidamente aseado. Na E.S.O. e no Bacharelato coidarase o aseo diario e a vestimenta será adecuada\*. O alumnado debe prestar atención para non esquecer na casa o material escolar necesario e deportivo para as clases de educación física.

\*O colexio é o lugar de traballo dos alumnos non é un lugar informal de reunión cos amigos, polo tanto:

- A roupa dos alumnos deberá ser axeitada, é dicir, que non deixe ver a roupa interior polo que non se admitirán escotes pronunciados nin roupa curta esaxerada.
- O alumno non poderá asistir ao centro coa cara nin a cabeza tapadas agás nos espazos abertos.
- O colexio aprecia e necesita a axuda dos pais para que apoiem as normas de vestimenta e aseo persoal.

\*É o derradeiro curso no que se poderá empregar o uniforme antigo.



- 4.- **APROPIACIÓN INDEBIDA:** Todas as cousas teñen o seu dono. Non te apropias de que non che pertence. Se atopas algo no centro, entrégao na portería. O colexio non se responsabiliza do diñeiro ou obxectos de valor que poidan extraviar os alumnos.
- 5.- **MATERIAL:** Non está permitido o uso de material que non teña relación coas actividades escolares e extraescolares (móviles, aparellos electrónicos, etc.). Os obxectos recollidos devolveráanse aos pais ou titores.
- 6.- **DETERIORAMENTOS:** Sé responsable das cousas que se che confían e das que poidas aproveitar, coma instalacións, material escolar, deportivo. Os estragos causados polos comportamentos inadecuados correrán pola conta dos alumnos.
7. **VOCABULARIO:** Que a túa linguaxe sexa propia dunha persoa educada: coida de non dicir palabras malsoantes, insultos, etc.
- 8.- **RESPECTO:** Nas entradas e saídas respecta os teus compañeiros: non corras, non berres nin empurres, sobre todo nas escaleiras.
9. **ORDE:** Para lograr un ambiente máis agradable, mantemos limpa e ordenada a clase. Utilizaremos as papeleiras no patio.
- 10.- **ENTRADA E SAÍDA:** Os pais/titores do alumnado de Infantil e Primaria non pasarán ás clases. Deixarán e recollerán os nenos/as na entrada do patio. A entrada pola rúa Cardenal Quevedo é de uso exclusivo do persoal do Centro.
- 11.- **DISCIPLINA:** Na E.S.O. e no Bacharelato, prestaráselle especial atención ó comportamento e á disciplina, podendo causar baixa no centro, segundo contempla a lexislación, por incumprimento dos seus deberes como alumno, ou por minguar os dereitos dos compañeiros.
- 12.- **IMAXE SEN DEREITOS:** O alumnado ten prohibido expresamente facer fotos no centro sen autorización por calquera dos medios electrónicos que sexan, colgar fotos ou o uso de redes sociais con comentarios ofensivos ou burlas a calquera dos membros da comunidade educativa.
- 13.- **SEGURO ESCOLAR:** O Centro conta cun seguro médico privado voluntario para accidentes escolares. A asistencia sanitaria será no centro Médico “El Carmen”. (condicións xerais na páxina web).

